

Guía sobre as probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º e 6º Curso de Grao Profesional

Curso 2020/21

• REQUISITOS

Podese acceder a calquer curso das ensinanzas profesionais sen ter cursados os anteriores.

Non hai límite de idade.

• DESENVOLVEMENTO DAS PROBA

Para todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

- A) Interpretación, no instrumento da especialidade á que opte, ou coa voz para Canto, de tres obras de distintos estilos, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte e das cales, como mínimo, unha deberá interpretarse de memoria.
- B) Exercicio teórico-práctico para valorar os coñecementos do resto das materias dos cursos anteriores ao que se opte. E dicir, de todas as materias dende as de 1º Curso de Grao Profesional ata as do curso inmediatamente anterior ao que se opte.

Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes: 70% o exercicio A e 30 % o exercicio B.

• SUPERACIÓN DA PROBA E OBTENCIÓN DE PRAZA

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

• OBSERVACIÓNS

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI e do resguardo da inscrición.

Os alumnos deberán aportar as partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal.

Para a realización das probas escritas, os alumnos deben traer bolígrafo, lápis e goma.

• CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os contidos e criterios de avaliación das probas pódense consultar nas programacións didácticas das materias que están a disposición do alumnado na páxina web do centro.